



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE "Manuel López Navalón"
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

CEE "Manuel López Navalón"

SANTIAGO DE COMPOSTELA



1.- INTRODUCCIÓN

O presente plan de integración dos TIC no CEE "Manuel López Navalón" pretende, en liñas xerais, que a afirmación “temos escolas do século XIX, profesores do século XX e alumnos do século XXI” deixe de ser aplicable ao noso centro e a súa realidade comunicativa e tecnolóxica. Buscamos un centro onde os medias sexan as mensaxes e as linguaxes sexan compartidas entre alumnado, profesorado e pais.

Trátase dun plan tan ambicioso ou tan modesto como o normal ritmo do noso alumnado e da realidade social que nos rodea, avance. Trátase de avanzar co contorno, de formar parte activa, participativa e crítica da sociedade na que estamos inmersos. Unha sociedade da comunicación antes que da información.

2.- MARCO LEXISLATIVO

O presente proxecto baséase nos seguintes aspectos legislativos:

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación: artigos 17.i), 19.2 e 23.e
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: artigo 6.5 e Anexo V
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia: artigo 4.e) e Anexo VI

3.- CONTEXTUALIZACIÓN

O CEE "Manuel López Navalón" de Santiago de Compostela conta na actualidade con numeros recursos TIC que precisan ser postos en valor; pero amosa tamén importantes deficiencias que ao longo da duración do presente plan tentaremos solucionar naquelo que esté na nosa man.

3.1.- Recursos materiais cos que contamos

O centro conta na actualidade cos seguintes recursos materiais TIC:

- Planta Soto:



- Un aula (antiga aula de informática) con conexión a internet sen ningún ordenador residente.
- Un ordenador para uso do taller de carpintaría, instalado na oficina e illado do pó. Trátase dun ordenador bastante antigo e con pouca capacidade para correr programas CAD adecuados ás demandas do mercado laboral actual.
-
- **Planta Baixa:**
 - Un ordenador en cada unha das aulas de Formación Básica da Educación Especial, excepto na aula-obradoiro que conta con dous, así como cun proxector e pantalla despregable.
 - Un ordenador en cada un dos cubículos de atención do CRE.
 - Un ordenador en cada un dos despachos principais: administración, secretaría, xefatura de estudos e dirección (portátil); un portátil no despacho de CRE/FCT e dous para uso na sala de profesores (un deles con escaner). Todos eles conectados a internet.
 - Conexión a internet na sala de café e na aula de medios.
 - Servidor central contra o que se executan as sesións dos equipos de administración, equipo directivo e profesorado (non os das aulas, nin de CRE) mediante acceso a escritorio virtual con crave de usuario e contrasinal, do que se fai copia de seguridade mensual.
 - Un ordenador portatil con proxector en carrito desprazable.
 - Zona multimedia conectada por rede interna mediante o servidor que conta con:
 - Impresora laser color
 - Dúas multifunción laser (fax, escaner, impresora, fotocopiadora).
 - Un pizarra dixital interactiva desprazable ás aulas, almacenada no CRE.



- Un ultraportatil para uso da biblioteca - meiga, almacenado no despacho de CRE/FCT.
- Unha televisión con reprodutor de DVD en carrito desprazable.
- Unha televisión TFT con TDT en conserxería.
- Planta Alta (uso de internado):
 - Catro televisións: dúas nas aulas de xogo e dúas para as coidadoras de noite. (todas elas sen TDT).
 - Unha PS2 e 10 xogos axeitados en contido e idade recomendada.
- Colección completa de Cds educativos de Pipo, Los Lunnis e programas logopédicos de Aquari. Dúas licencias do programa SEDEA Videoteca, incluíndo a Videoteca subtitulada FIAPAS.
- Páxina web con estrutura weblog: <http://www.ceexordos.org>
- Diversos recursos (variables no tempo) cedidos pola ETSE Telecomunicacións de UVigo.

3.2.- Deficiencias a subsanar

- É preciso o cableado completo do centro para dispoñer de internet en tódalas aulas e, particularmente na biblioteca, na que se precisan puntos de acceso a internet para o alumnado.
- Precisanse alomenos dous portátiles máis e un proxector, para poñer a disposición dos docentes para o seu uso nas aulas.
- O obradoiro de Carpintaría precisa dun ordenador residente con boa capacidade para correr CADs así como unha licenza de uso de AutoCAD, dado que se trata do máis extendido no eido laboral.



- Sería desexable equipar as aulas de Formación Básica con Pizarras Dixitais Interactivas de tipo eBeam para extender e facilitar o seu uso.
- A nivel inmediato o centro precisa adaptar as televisións do internado á TDT, así como ampliar o número de reprodutores de CD e DVD.
- O uso das TIC para a planificación, xestión académica e organización do traballo ten avanzado moito no centro nos últimos anos, sen embargo todavía é preciso afondar no seu uso e extendelo tanto ao total do profesorado como a tódolos aspectos educativos.
- A utilización dos recursos TIC dentro da aula é bastante escasa. A atención centrase moito no uso directo de Internet, deixando de lado recursos off-line que poderían ser de gran utilidade. Tamén a pizarra dixital interactiva carece de axeitada utilización e formación por parte do profesorado, aínda que o seu maior potencial non se centra no uso de Internet.
- O centro ten vocación de converterse nun referente no campo das TIC para alumnado con problemas graves de comunicación, tanto no campo da propia comunicación como no acceso. Avanzouse moito neste sentido pero precisamos afondar todavía máis na colaboración establecida coa ETSE Telecomunicacións da Universidade de Vigo.

4.- OBXECTIVOS

4.1.- Obxectivos xerais de centro

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma romper coas desigualdades sociais e favorecer a integración.
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a utilización das TIC nas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans,...
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con NEE e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.



- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa nas diferentes actividades do Centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais, etc.

4.2 Obxectivos xerais de profesorado

- Mellorar o plantexamento pedagóxico a través das TIC
- Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas, ...
- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats, ... e diversas redes de colaboración como Internet.

4.3 Obxectivos xerais de alumnado

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus semellantes.
- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.



4.4 Obxectivos xerais de comunidade educativa

- Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

5.- Metodoloxía

O presente plan desenvolverase de xeito integrado por parte de todo o profesorado do centro no marco da lexislación vixente, asumindo que favorece o desenvolvemento de competencias básicas e supón unha necesidade na escola do século XXI. As actividades a realizar serán o mais normalizadas posibles, evitando a percepción das TIC como un recurso illado, extraordinario ou particular. A súa utilización debe estar imbricada no proceso de ensino-aprendizaxe e na xestión académica e administrativa do centro, co mesmo grao de normalización que as actividades de papel e lápis.

Para isto requírese da vontade de participación tanto do persoal docente como non docente, polos medios ao alcance do centro, aproveitando as inquiredanzas e coñecementos cos que os alumnos e alumnas chegan ao centro.

A constancia no uso das TIC, a coherencia e a consistencia das actividades plantexadas tamén será fundamental, alonxando a idea dunha “escola do pasado”.

6.- ACCIÓNS

6.1 Accións xerais

- A posta en funcionamento da nosa web <http://www.ceexordos.org> hai case dous anos marcou un hito na utilización dos servizos de información e secretaría virtual. Nembargantes a súa utilización está lonxe de ser óptima, polo que se potenciará o seu uso e se garantirá que todos aqueles formularios dispoñibles no centro poidan ser



descargados on-line para axilizar ás familias e aos outros centros, todos os trámites na súa relación co CEE "Manuel López Navalón".

- Adquisición/xestión a través da Consellería de Educación e O. U. daqueles recursos TIC definidos como deficitarios no noso centro. Aqueles que poidan ser adquiridos directamente polo centro e non proceda a súa solicitude á consellería, serán xestionados por esta vía. Nos casos onde proceda a solicitude á Consellería de Educación e O. U., insistirase na súa solicitude urxindo a cumprir compromisos e prazos.
- Potenciación de accións formativas para o uso das plataformas de xestión (XADE) académica e administrativa, e do uso da pizarra dixital interactiva por parte de todos os docentes do centro.

6.2 Accións específicas

Serán planificadas cada curso no marco da Programación Xeral Anual dacordo co presente plan e cos preceptos básicos recollidos no Proxecto de Centro, tendo reflexo nos diferentes Plans de Actividades e Tarefas das áreas curriculares.

7.- COORDINACIÓN

Para a coordinación do presente plan contarase cun Dinamizador de TIC no centro, que reunirá periódicamente a aqueles profesores interesados na potenciación das TIC para a planificación e desenvolvemento de accións concretas. Estas reunións poderán ser en grupo ou por pequenos sectores segundo o ámbito de aplicación e alcance das accións propostas.

Este dinamizador actuará de enlace cos servizos de formación e asesoramento da consellería (SIEGA, UAC, CEFORes...)

8.- MEDIOS E USOS

8.1 Medios materiais

Son aqueles mencionados na contextualización, así como todos aqueles que poidan engadirse ao longo do plan. A súa utilización será tan ampla como sexa posible, sempre cun horizonte pedagóxico e mantendo en mente a protección do menor.



8.2 Medios espaciais e temporais

Todos os espazos e tempos do centro, incluídos aqueles propios do servizo de escola fogar, son susceptibles de ser utilizados no marco do plan de integración de TIC, por canto estas non son un recurso senon un xeito de facer diferente.

8.3 Medios humanos

Todo o persoal do centro, independentemente da súa relación transitoria ou permanente, docente ou non docente, poderá involucrarse no plan de integración de TIC, voluntariamente naquelas accións nas que así o desexe e obrigatoriamente cando así se requira na planificación xeral por mor do seu cometido (recibindo as axudas e formación pertinentes).

9.- TEMPORALIZACIÓN

O presente plan está deseñado para desenvolverse no trienio 2007-2010, de xeito inicial. Alcanzado o horizonte do 2010, revisarase, avaliarase e pasarase a elaborar un novo plan que de resposta ás novas carencias e retos detectados, tentando mellorar os aspectos que o plan actual deixou deficitarios.

10.- AS TIC INTEGRADORAS E NORMALIZADORAS

Dado o carácter de centro de Educación Especial do noso centro, e tendo en conta a gran axuda que as TIC poden supoñer tanto na educación como na integración de nenos e nenas con necesidade educativas especiais, as TIC no marco do noso plan, teñen un obxectivo básico plenamente integrador e normalizador.

Neste sentido tentamos mudar a nosa perspectiva. En lugar de ver as TIC como un recurso que axude aos nenos e nenas con NEE a facer aquilo que os rapaces "normais" fan regularmente, tentaremos ver que novos escenarios crean as TIC nos que os nenos con e sen NEE se atopan en igualdade de condicións para integrarse e relacionarse co contorno.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE "Manuel López Navalón"
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

11.- AVALIACIÓN

O presente plan será avaliado ao final de cada curso no marco da Memoria Anual, encargándose desta función o/a dinamizador/a de TIC. O referente serán os obxectivos plantexados de xeito particular para o curso concreto na PXA.

Ao fin do trienio, en xuño de 2010, levarase a cabo, xuntamente coa avaliación anual unha de conxunto que verifique a traxectoria do mesmo, analizando o camiño percorrido dende o punto de partida e plantexando unha prospectiva que servirá de guía ao novo plan.